

Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo para o recoñecemento de créditos ECTS.

MEMORIA EXPLICATIVA

O Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social dispón no seu artigo 28.j), que corresponde á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado a dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, a xestión do sistema de rexistro autonómico de acción voluntaria, a xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

A Consellería de Política Social, dentro das competencias que lle corresponden en materia de voluntariado, ten interese en fomentar e promocionar a acción voluntaria entre o alumnado da Universidade de Vigo, como liña de actuación orientada ao apoio do progreso social e ao fomento da solidariedade entre o colectivo das persoas universitarias.

A Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo consideran de máximo interese, colaborar na promoción de actividades no ámbito do voluntariado e concretamente en facilitar a participación do alumnado desta Universidade na realización de actividades de voluntariado coa posta en marcha do programa para o recoñecemento de créditos nos programas de voluntariado impulsados pola Consellería de Política Social e ambas as dúas institucións son conscientes da importancia e necesidade das actividades solidarias e de cooperación no marco da formación universitaria.

A acción voluntaria é unha manifestación explícita da conciencia solidaria na cidadanía que fortalece a convivencia democrática e debe de ser promovida polos poderes públicos a tenor do establecido na Lei 10/2011, do 28 de novembro, que sinala que a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social é unha aspiración propia de calquera sociedade moderna e democrática que, na actualidade, constitúe tamén un compromiso que deben



cumprir os poderes públicos compellidos a facilitaren e promoveren as condicións necesarias para facer efectiva a devandita participación.

A Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo están de acordo en facilitar a participación do alumnado desta Universidade na realización de actividades de voluntariado coa posta en marcha do programa para o recoñecemento de créditos nos programas de voluntariado impulsados pola Consellería de Política social.

Co obxecto de establecer unha canle de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo cara a posta en marcha dun proxecto orientado a que as persoas universitarias que participen en programas de voluntariado impulsados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e se desenvolvan en calquera das áreas definidas na Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, vexan acreditadas ditas actividades de voluntariado como recoñecemento académico en virtude do Real Decreto 1393/2007 de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais que regula os créditos universitarios, compre tramitar un convenio de colaboración segundo as previsións contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público, de conformidade cos seus artigos 47 a 50; e pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e demais normativa reguladora aplicable, e de forma que se respecten os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



O presente acordo de colaboración non suporá custo adicional para as partes implicadas no seu desenvolvemento, sen prexuízo da cobertura das persoas voluntarias polo seguro de accidentes e responsabilidade civil que se integra na póliza xeral que mantén a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para todos os seus programas.

De acordo co anteriormente exposto, remítese para a súa tramitación o convenio de colaboración entre a Consellería de Política social e a Universidade de Vigo para o recoñecemento de créditos ECTS.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Cristina Pichel Toimil

